



## Concello A Rúa de Valdeorras

Praza José Antonio Míguez Freire nº 1  
32350 – A RÚA (Ourense)  
P-3207300-I

## Concellería de Medio Ambiente

Teléfono: 988 310 116  
Fax: 988 311 321

Dende a Concellería de Medio Ambiente estamos a traballar por un Concello máis limpo e sostible. Mediante o desenvolvemento de diferentes programas como a Campaña de Compostaxe Doméstica botáronse 50,33 toneladas menos no contedor xenérico. No do Aceite doméstico estase a evitar un verquido ao alcantarillado duns 300 quilos ao mes.

É por iso que unha vez máis **pedimos a túa colaboración** para que entre todos consigamos un municipio que sexa un referente de limpeza e respecto polo Medio Ambiente.

Os servizos que se prestan dende o Concello son os seguintes:

✓ **Recollida selectiva:**

- **Contedor verde:** materia orgánica, cueiros usados, papeis sucios...
- **Contedor azul:** papel e cartón debidamente dobrados.
- **Iglú verde:** botellas de vidro sen corchos ou tapóns, botes de cristal de conservas ou de mermeladas. **NON BOMBILLAS NIN ESPELLOS OU OUTRO TIPO DE CRISTAIS.**
- **Contedor amarelo:** plásticos, bricks, latas. **NON PLÁSTICOS INDUSTRIAIS**
- **Contedor de aceite doméstico:** **NON ACEITE DE MOTOR NIN AGRÍCOLA.**

✓ **Recollida de voluminosos:** colchóns, somieres e electrodomésticos. Servizo de balde. **Chamar ao 988310116.**

✓ **Punto Limpo:** recollida de entullos, electrodomésticos, bombillas de baixo consumo e fluorescentes. Horario: 9-13 horas e de 15- 18:30 horas.

✓ **Pilas, tóners e cartuchos de tinta:** Casa do Concello.

Os **medicamentos** e os envases que os conteñen lévaos á **farmacia**.

Os **envases fitosanitarios**, sempre baleiros, recolleranse nos seguintes lugares:

- Doña Planta: R/ Campo Grande 22
- Augusto Quiroga Fitosanitarios: R/ Rosaleda 4

Lembra que sempre que teñas algunha dúbida de Medio Ambiente podes acudir á Concellería de Medio Ambiente do Concello da Rúa.

Moitas grazas pola túa colaboración.